

2020
2021



FORMACIÓN
PROFESIONAL



Familia profesional

Marítimo-
pesqueira

o futuro
nas túas mans

XUNTA DE GALICIA



CB Actividades marítimo-pesqueiras

Ciclo formativo de grao básico	Título LOE
--------------------------------	------------

Perfil profesional	Duración
	2.000 horas

Que se aprende a facer? Realizar actividades básicas de navegación e pesca, e de servizo na sala máquinas de buques de pesca, operando coa calidade indicada, observando as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalguna lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa? A bordo de buques de pesca e auxiliares de acuicultura.

Que ocupacións se desempeñan? Mariñeiro/a de máquinas; mariñeiro/a de ponte; mariñeiro/a de pesca; mariscador/ora a flote.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3009	Ciencias aplicadas I	175
1º	MP3011	Comunicación e sociedade I	206
1º	MP3140	Mantemento de equipamentos auxiliares en barcos de pesca	267
1º	MP3142	Mantemento de motores en barcos de pesca	204
1º	MP3143	Seguridade e primeiros auxilios en barcos de pesca	58
2º	MP3138	Actividades en cubertas de barcos de pesca	135
2º	MP3019	Ciencias aplicadas II	162
2º	MP3012	Comunicación e sociedade II	135
2º	MP3144	Formación en centros de traballo	320
2º	MP3141	Pesca con artes de enmalle e marisqueo	135
2º	MP3139	Pesca con palangre, arrastre e cerco	141

Nota. No primeiro curso dedicaranse 35 horas á tutoría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Profesional básico en Actividades marítimo-pesqueiras.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP3138	Actividades en cubertas de barcos de pesca.	UC0010_1 Contribuír ás operacións básicas de cuberta nunha embarcación pesqueira. UC0011_1 Realizar as gardas de navegación e goberno do buque.
MP3141	Pesca con artes de enmalle e marisqueo.	UC0734_1 Realizar as actividades extractivas da pesca e marisqueo en flotación con artes menores, nasas e equipamentos de marisqueo.
MP3139	Pesca con palangre, arrastre e cerco.	UC0012_1 Realizar as actividades extractivas da pesca con palangre, arrastre e cerco.
MP3142	Mantemento de motores en barcos de pesca.	UC0731_1 Realizar operacións auxiliares de mantemento do motor principal do buque e os seus sistemas, e as gardas na cámara de máquinas.
MP3140	Mantemento de equipamentos auxiliares en barcos de pesca.	UC0732_1 Realizar operacións básicas de mantemento de máquinas auxiliares, elementos e equipamentos do buque, en flotación e en seco.
MP3143	Seguridade e primeiros auxilios en barcos de pesca.	UC0733_1 Actuar en emerxencias marítimas e aplicar as normas de seguridade no traballo.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0010_1 Contribuír ás operacións básicas de cuberta nunha embarcación pesqueira. UC0011_1 Realizar as gardas de navegación e goberno do buque.	MP3138 Actividades en cubertas de barcos de pesca.
UC0734_1 Realizar as actividades extractivas da pesca e marisqueo en flotación con artes menores, nasas e equipamentos de marisqueo.	MP3141 Pesca con artes de enmalle e marisqueo.
UC0012_1 Realizar as actividades extractivas da pesca con palangre, arrastre e cerco.	MP3139 Pesca con palangre, arrastre e cerco.
UC0731_1 Realizar operacións auxiliares de mantemento do motor principal do buque e os seus sistemas, e as gardas na cámara de máquinas.	MP3142 Mantemento de motores en barcos de pesca.
UC0732_1 Realizar operacións básicas de mantemento de máquinas auxiliares, elementos e equipamentos do buque, en flotación e en seco.	MP3140 Mantemento de equipamentos auxiliares en barcos de pesca.
UC0733_1 Actuar en emerxencias marítimas e aplicar as normas de seguridade no traballo.	MP3143 Seguridade e primeiros auxilios en barcos de pesca.

CM Cultivos acuícolas

Ciclo formativo de grao medio Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?	Realizar as actividades destinadas á produción de especies acuícolas e o mantemento básico das instalacións, conseguindo a calidade operacional requirida e cumprindo a normativa de aplicación, a ambiental e a de prevención de riscos laborais.
En que ámbitos se traballa?	En empresas de acuicultura, acuarios, centros de investigación e confrarías de mariscadores/as, nas áreas de produción de cultivos auxiliares, produción de peixes, crustáceos e moluscos, e na de mantemento de instalacións acuícolas, por conta propia ou por conta allea.
Que ocupacións se desempeñan?	Traballador/a de cultivos de fitoplancto e zooplancto, crustáceos, peixes de engorde en augas de mar e continentais, moluscos no medio natural, en estruturas flotantes ou somerxidas e en parque, en reprodución de crustáceos e peixes en augas mariñas e continentais, en cultivo larvario de moluscos, crustáceos e peixes en augas mariñas; reparador/a e mantedor/a de edificios e estruturas de cultivo e de circuitos de fluídos en instalacións acuícolas; instalador/a, reparador/a e mantedor/a de sistemas de cultivo de peixes, moluscos e crustáceos; reparador/a, mantedor/a e axustador/a de equipamentos de climatización, produción de calor e frío, filtración, alimentadores, bombeamento, dosificación e tratamento de fluídos en instalacións acuícolas; encargado/a de taller en instalacións acuícolas, xefe/a de equipo de instaladores/as, axustadores/as, reparadores/as e mantedores/as en instalacións acuícolas.
Cales son os módulos deste ciclo?	Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0710	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0706	Instalacións e equipamentos de cultivo	240
1º	MP0703	Técnicas de cultivos auxiliares	187
1º	MP0705	Técnicas de engorda de moluscos	213
1º	MP0704	Técnicas de engorda de peixes	213
2º	MP0711	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0712	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0708	Técnicas de criadeiro de moluscos	192
2º	MP0707	Técnicas de criadeiro de peixes	192
2º	MP0709	Técnicas de cultivo de crustáceos	193

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Cultivos acuícolas.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0703 Técnicas de cultivos auxiliares.	UC0017_2 Cultivar fitoplancto. UC0018_2 Cultivar zooplancto.
MP0707 Técnicas de criadeiro de peixes.	UC0285_2 Reproducir e incubar especies acuícolas. UC0286_2 Cultivar larvas. UC0287_2 Cultivar poslarvas, sementes e crías.
MP0708 Técnicas de criadeiro de moluscos.	UC0285_2 Reproducir e incubar especies acuícolas. UC0286_2 Cultivar larvas. UC0287_2 Cultivar poslarvas, sementes e crías.
MP0709 Técnicas de cultivo de crustáceos.	UC0020_2 Engordar especies acuícolas en instalacións en terra.
MP0704 Técnicas de engorda de peixes.	UC0019_2 Engordar especies acuícolas en gaiolas. UC0020_2 Engordar especies acuícolas en instalacións en terra.
MP0705 Técnicas de engorda de moluscos.	UC0283_2 Engordar moluscos bivalvos en sistemas suspendidos. UC0284_2 Cultivar moluscos bivalvos en parque.
MP0706 Instalacións e equipamentos de cultivo.	UC1622_2 Realizar as operacións de mantemento das instalacións, a maquinaria e os equipamentos dunha empresa acuícola.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0017_2 Cultivar fitoplancto. UC0018_2 Cultivar zooplancto.	MP0703 Técnicas de cultivos auxiliares.
UC0285_2 Reproducir e incubar especies acuícolas. UC0286_2 Cultivar larvas. UC0287_2 Cultivar poslarvas, sementes e crías.	MP0707 Técnicas de criadeiro de peixes.
UC0285_2 Reproducir e incubar especies acuícolas. UC0286_2 Cultivar larvas. UC0287_2 Cultivar poslarvas, sementes e crías.	MP0708 Técnicas de criadeiro de moluscos.
UC0020_2 Engordar especies acuícolas en instalacións en terra.	MP0709 Técnicas de cultivo de crustáceos.
UC0019_2 Engordar especies acuícolas en gaiolas. UC0020_2 Engordar especies acuícolas en instalacións en terra.	MP0704 Técnicas de engorda de peixes.
UC0283_2 Engordar moluscos bivalvos en sistemas suspendidos. UC0284_2 Cultivar moluscos bivalvos en parque.	MP0705 Técnicas de engorda de moluscos.
UC1622_2 Realizar as operacións de mantemento das instalacións, a maquinaria e os equipamentos dunha empresa acuícola.	MP0706 Instalacións e equipamentos de cultivo.

CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións

Ciclo formativo de grao medio	Título LOE
-------------------------------	------------

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? A competencia xeral deste título consiste en operar e manter a planta propulsora e os equipamentos e sistemas do buque, e colaborar na seguridade, na supervivencia e na asistencia sanitaria a bordo, aplicando criterios de calidade e cumprindo os plans de prevención de riscos laborais e ambientais da empresa.

En que ámbitos se traballa? As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en buques dedicados ao transporte marítimo de carga e pasaxe, ou en buques pesqueiros, de natureza pública ou privada, dentro dos límites e as atribucións que estableza a Administración competente. Así mesmo, a súa formación permítelles desempeñar funcións por conta allea ou por conta propia en empresas dedicadas ao mantemento de embarcacións e plantas enerxéticas.

Que ocupacións se desempeñan? Operario/a de reparación e mantemento de motores e grupos mecánicos; operario/a de reparación e mantemento de plantas enerxéticas de motor e vapor; xefe/a de máquinas; oficial de máquinas ou primeiro/a oficial de máquinas; electromecánico/a de mantemento e instalación de planta propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares de embarcacións deportivas e de recreo; mecánico/a de motores e equipamentos de inxección (diésel e gasolina); mecánico/a de motores de gasolina; mecánico/a de motores diésel; mecánico/a de motores en maquinaria industrial; mecánico/a de motores e grupos mecánicos navais en estaleiros; mantedor/a de aire acondicionado e fluídos en embarcacións deportivas e de recreo; electricista naval; electricista de mantemento e reparación de motores, dínamos e transformadores; operario/a de instalación e mantemento de sistemas frigoríficos e de aire acondicionado.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1033	Atención sanitaria a bordo	53
1º	MP1178	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0156	Inglés	160
1º	MP1172	Mantemento da planta propulsora e maquinaria auxiliar	240
1º	MP1175	Mantemento das instalacións e máquinas eléctricas en buques e embarcacións	160
1º	MP1173	Procedementos de mecanizado e soldadura en buques e embarcacións	240
2º	MP1179	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1180	Formación en centros de traballo	410
2º	MP1176	Instalación e mantemento de maquinaria de frío e climatización en buques e embarcacións	175
2º	MP1177	Procedementos de garda de máquinas	70
2º	MP1174	Regulación e mantemento de automatismos en buques e embarcacións	175
2º	MP1032	Seguridade marítima	157

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP1172	Mantemento da planta propulsora e maquinaria auxiliar.	UC0132_2 Manter o motor térmico.
MP1177	Procedementos de garda de máquinas.	UC0133_2 Manter os sistemas auxiliares do motor térmico. UC1835_2 Montar e manter os sistemas de propulsión e goberno, e os equipamentos auxiliares de embarcacións deportivas e de recreo. UC1836_2 Montar e manter os sistemas de abastecemento de fluídos e servizos de auga de embarcacións deportivas e de recreo. UC1949_2 Verificar e manter os parámetros de funcionamento da planta propulsora do buque e as súas máquinas auxiliares.
MP1173	Procedementos de mecanizado e soldadura en buques e embarcacións.	UC1892_2 Manter e reparar os equipamentos mecánicos do parque de pesca, actuando segundo as normas de seguridade e emerxencia. UC1950_2 Realizar operacións de mantemento de equipamentos e elementos inherentes á situación do buque en seco.
MP1174	Regulación e mantemento de automatismos en buques e embarcacións.	UC1951_2 Manexar e manter no buque os sistemas automáticos de control.
MP1175	Mantemento das instalacións e máquinas eléctricas en buques e embarcacións.	UC1831_2 Manter e instalar os sistemas de xeración e acumulación de enerxía eléctrica, e os motores eléctricos de embarcacións deportivas e de recreo. UC1832_2 Manter e instalar os sistemas de distribución e os circuitos de corrente eléctrica de embarcacións deportivas e de recreo. UC1952_2 Manexar e manter as instalacións eléctricas do buque.
MP1176	Instalación e mantemento de maquinaria de frío e climatización en buques e embarcacións.	UC1837_2 Manter e instalar os sistemas de frío e climatización de embarcacións deportivas e de recreo. UC1891_2 Efectuar os labores de mantemento dos equipamentos que compoñen a instalación frigorífica do parque de pesca. UC1953_2 Manexar e manter as instalacións e os equipamentos frigoríficos e de climatización do buque.
MP1032	Seguridade marítima.	UC1954_2 Desenvolver actividades relacionadas coa seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.
MP1033	Atención sanitaria a bordo.	
MP0156	Inglés.	UC0808_2 Comunicarse en inglés a nivel de usuario independente, no ámbito do mantemento naval, a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.

Que módulos
profesionais se
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1949_2	Verificar e manter os parámetros de funcionamento da planta propulsora do buque e as súas máquinas auxiliares.	MP1172	Mantemento da planta propulsora e maquinaria auxiliar.
UC0132_2	Manter o motor térmico.	MP1172	Mantemento da planta propulsora e maquinaria auxiliar.
UC0133_2	Manter os sistemas auxiliares do motor térmico.		
UC1835_2	Montar e manter os sistemas de propulsión e goberno, e os equipamentos auxiliares de embarcacións deportivas e de recreo.		
UC1836_2	Montar e manter os sistemas de abastecemento de fluídos e servizos de auga de embarcacións deportivas e de recreo.		
UC1892_2	Manter e reparar os equipamentos mecánicos do parque de pesca, actuando segundo as normas de seguridade e emerxencia.	MP1173	Procedementos de mecanizado e soldadura en buques e embarcacións.
UC1950_2	Realizar operacións de mantemento de equipamentos e elementos inherentes á situación do buque en seco.		
UC1951_2	Manexar e manter no buque os sistemas automáticos de control.	MP1174	Regulación e mantemento de automatismos en buques e embarcacións.
UC1952_2	Manexar e manter as instalacións eléctricas do buque.	MP1175	Mantemento das instalacións e máquinas eléctricas en buques e embarcacións.
UC1831_2	Manter e instalar os sistemas de xeración e acumulación de enerxía eléctrica, e os motores eléctricos de embarcacións deportivas e de recreo.	MP1175	Mantemento das instalacións e máquinas eléctricas en buques e embarcacións.
UC1832_2	Manter e instalar os sistemas de distribución e os circuitos de corrente eléctrica de embarcacións deportivas e de recreo.		
UC1837_2	Manter e instalar os sistemas de frío e climatización de embarcacións deportivas e de recreo.		
UC1891_2	Efectuar os labores de mantemento dos equipamentos que compoñen a instalación frigorífica do parque de pesca.	MP1176	Instalación e mantemento de maquinaria de frío e climatización en buques e embarcacións.
UC1953_2	Manexar e manter as instalacións e os equipamentos frigoríficos e de climatización do buque.		
UC1954_2	Desenvolver actividades relacionadas coa seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.	MP1032	Seguridade marítima.
		MP1033	Atención sanitaria a bordo.
UC0808_2	Comunicarse en inglés a nivel de usuario independente, no ámbito do mantemento naval, a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.	MP0156	Inglés.

Nota. O módulo profesional MP0156: inglés poderá validarse consonte o disposto no artigo 66.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CM Navegación e pesca de litoral

Ciclo formativo de grao medio		Título LOE
Perfil profesional	Duración	
2.000 horas		

Que se aprende a facer? A competencia xeral deste título consiste en organizar, xestionar e executar as actividades de buques, cuxas características e límites xeográficos determinen as administracións competentes para este nivel, dirixindo e controlando a navegación, a extracción, a manipulación e a conservación da pesca, respectando as condicións de seguridade e consonte a normativa.

En que ámbitos se traballa? As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade, por conta propia ou allea, en buques de pesca e en buques mercantes, de natureza pública ou privada, cos límites e as atribucións que establece a Administración competente.

Que ocupacións se desempeñan? Patrón/oa costeiro/a polivalente, local de pesca, dedicado/a ao transporte marítimo de mercadorías e/ou pasaxe, servizos de practicaxe, seguridade, salvamento marítimo, mergullo e investigación; patrón/oa ao mando de buques de pesca ou mercantes; patrón/oa, primeiro/a oficial e oficial de ponte en buques mercantes, pesqueiros e de pasaxe, coas atribucións establecidas para o/a patrón/oa de litoral; mariñeiro/a pescador/a e de ponte; inspector/a de flota; supervisor/a de montaxe e armaxe de artes e aparellos de pesca; manipulador/a ou operario/a de elaboración; operario/a de envasamento e empaquetaxe; operador/a ou controlador/a de liña de envasamento; traballador/a na preparación de peixe para conservas; especialista en tratamentos de frío; elaborador/a de produtos da pesca e derivados, de conservas de peixe e de semiconservas, de conxelados e ultraconxelados; limpador/a e preparador/a de peixe para conservas.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1033	Atención sanitaria a bordo	53
1º	MP1030	Despacho e administración do buque	107
1º	MP1036	Estabilidade, trimaxe e estiba do buque	160
1º	MP1037	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0156	Inglés	160
1º	MP1035	Técnicas de manobra	160
1º	MP1027	Técnicas de navegación e comunicacións	213
2º	MP1038	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1039	Formación en centros de traballo	410
2º	MP1034	Instalacións e servizos	105
2º	MP1029	Pesca de litoral	210
2º	MP1028	Procedementos de garda	105
2º	MP1032	Seguridade marítima	157

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Navegación e pesca de litoral.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP1027	Técnicas de navegación e comunicacións.	UC0539_2 Efectuar a navegación do buque.
MP1028	Procedementos de garda.	UC0737_2 Realizar as operacións de navegación do buque. UC1946_2 Controlar a navegación e o rumbo do buque.
MP1029	Pesca de litoral.	UC0015_2 Manipular e procesar os produtos da pesca e da acuicultura. UC0542_2 Organizar e realizar as operacións extractivas e de conservación da pesca. UC0738_2 Realizar as operacións extractivas e de conservación da pesca. UC1947_2 Organizar e realizar as operacións extractivas, e de elaboración e conservación das capturas.
MP1030	Despacho e administración do buque.	UC0537_2 Obter o despacho do buque e arranxalo a son de mar. UC0735_2 Realizar o despacho do buque e a xestión de licenzas de pesca. UC1944_2 Organizar as actividades administrativas do buque para o seu despacho.
MP1032	Seguridade marítima.	UC0540_2 Organizar e controlar a seguridade, a loita contra incendios e as emerxencias a bordo.
MP1033	Atención sanitaria a bordo.	UC0739_2 Realizar as operacións en casos de emerxencias no mar. UC1948_2 Organizar a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.
MP1035	Técnicas de manobra.	UC0538_2 Organizar e realizar as operacións de manobra e carga do buque.
MP1036	Estabilidade, trimaxe e estiba do buque.	UC0736_2 Realizar as operacións de manobra e carga do buque. UC1945_2 Organizar e realizar as operacións de carga, estiba e manobra do buque.

Que módulos
profesionais se
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0539_2	Efectuar a navegación do buque.	MP1027	Técnicas de navegación e comunicacións.
UC0737_2	Realizar as operacións de navegación do buque.	MP1028	Procedementos de garda.
UC1946_2	Controlar a navegación e o rumbo do buque.		
UC0015_2	Manipular e procesar os produtos da pesca e da acuicultura.	MP1029	Pesca de litoral.
UC0542_2	Organizar e realizar as operacións extractivas e de conservación da pesca.		
UC0738_2	Realizar as operacións extractivas e de conservación da pesca.		
UC1947_2	Organizar e realizar as operacións extractivas, e de elaboración e conservación das capturas.		
UC1944_2	Organizar as actividades administrativas do buque para o seu despacho.	MP1030	Despacho e administración do buque.
UC0540_2	Organizar e controlar a seguridade, a loita contra incendios e as emerxencias a bordo.	MP1032	Seguridade marítima.
UC0739_2	Realizar as operacións en casos de emerxencias no mar.	MP1033	Atención sanitaria a bordo.
UC1948_2	Organizar a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.		
UC0538_2	Organizar e realizar as operacións de manobra e carga do buque.	MP1035	Técnicas de manobra.
UC0736_2	Realizar as operacións de manobra e carga do buque.	MP1036	Estabilidade, trimaxe e estiba do buque.
UC1945_2	Organizar e realizar as operacións de carga, estiba e manobra do buque.		



CS Acuicultura

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE
	Perfil profesional	Duración
		2.000 horas

Que se aprende a facer? Planificar, organizar e supervisar as actividades de produción acuícola, coordinando os recursos dispoñibles para conseguir a calidade requirida do produto, cumprindo a normativa aplicable.

En que ámbitos se traballa? Áreas de cultivo de plancto, reprodución, cultivo larvario e de poslarvas, sementes ou crías, criadeiro e engorde, por conta propia ou allea, en PME e en grandes empresas de natureza pública ou privada, centros de investigación e exposición de animais mariños, empresas de produción de peixes de acuacuario e confrarías de mariscadores/as. Coordina responsables das áreas de produción.

Que ocupacións se desempeñan? Responsable técnico/a do cultivo larvario de peixes e da reprodución de peixes de auga de mar e continental, da reprodución e do cultivo larvario de moluscos e crustáceos, de preengorde e engorde de moluscos, crustáceos e de peixes de auga de mar e continental; técnico/a ambiental para a acuicultura; técnico/a en patoloxías en acuicultura, en industrias de derivados e elaboracións da pesca e da acuicultura, empresas, buques factoría e lonxas, en laboratorio de control de calidade de produtos da pesca; responsable técnico/a en acuafilia; deseñador/a e montador/a de espazos de exhibición en acuafilia.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1026	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1020	Técnicas analíticas e métodos de control sanitario en acuicultura	107
1º	MP1015	Técnicas e xestión da produción de cultivos auxiliares	187
1º	MP1017	Técnicas e xestión da produción de moluscos	292
1º	MP1016	Técnicas e xestión da produción de peixes	267
2º	MP1022	Acuafilia	140
2º	MP1024	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1023	Formación en centros de traballo	384
2º	MP1019	Instalacións, innovación e sistemas de automatización en acuicultura	192
2º	MP1025	Proxecto de implantación dun centro de produción acuícola	26
2º	MP1018	Técnicas e xestión da produción de crustáceos	175
2º	MP1021	Xestión ambiental dos procesos acuícolas	70

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Acuicultura.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1015	Técnicas e xestión da produción de cultivos auxiliares.	UC0741_3	Coordinar e xestionar a produción das áreas do criadeiro en acuicultura.
MP1016	Técnicas e xestión da produción de peixes.	UC0744_3	Coordinar e xestionar a produción nas fases da engorda en acuicultura.
MP1017	Técnicas e xestión da produción de moluscos.		
MP1018	Técnicas e xestión da produción de crustáceos.		
MP1016	Técnicas e xestión da produción de peixes.	UC0744_3	Coordinar e xestionar a produción nas fases da engorda en acuicultura.
MP1017	Técnicas e xestión da produción de moluscos.		
MP1018	Técnicas e xestión da produción de crustáceos.		
MP1020	Técnicas analíticas e métodos de control sanitario en acuicultura.	UC0742_3	Prever e controlar as medidas de protección sanitaria e patoloxías no criadeiro de acuicultura.
		UC0743_3	Supervisar controis fisicoquímicos e ambientais relacionados co criadeiro de acuicultura.
		UC0745_3	Planificar a prevención e o control das patoloxías durante a engorda de especies acuícolas.
		UC0746_3	Supervisar os controis ambientais no proceso da engorda acuícola.
MP1021	Xestión ambiental dos procesos acuícolas.	UC0558_3	Cooperar na implantación e no desenvolvemento do plan de calidade e xestión ambiental na industria alimentaria.
		UC0743_3	Supervisar controis fisicoquímicos e ambientais relacionados co criadeiro de acuicultura.
		UC0746_3	Supervisar os controis ambientais no proceso da engorda acuícola.

Que módulos
profesionais se
validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0741_3	Coordinar e xestionar a produción das áreas do criadeiro en acuicultura.	MP1015	Técnicas e xestión da produción de cultivos auxiliares.
UC0741_3	Coordinar e xestionar a produción das áreas do criadeiro en acuicultura.	MP1016	Técnicas e xestión da produción de peixes.
UC0744_3	Coordinar e xestionar a produción nas fases da engorda en acuicultura.	MP1017	Técnicas e xestión da produción de moluscos.
		MP1018	Técnicas e xestión da produción de crustáceos.
UC0558_3	Cooperar na implantación e no desenvolvemento do plan de calidade e xestión ambiental na industria alimentaria.	MP1021	Xestión ambiental dos procesos acuícolas.
UC0742_3	Previr e controlar as medidas de protección sanitaria e patoloxías no criadeiro de acuicultura.	MP1020	Técnicas analíticas e métodos de control sanitario en acuicultura.
UC0745_3	Planificar a prevención e o control das patoloxías durante a engorda de especies acuícolas.	MP1020	Técnicas analíticas e métodos de control sanitario en acuicultura.
UC0743_3	Supervisar controis fisicoquímicos e ambientais relacionados co criadeiro de acuicultura.	MP1020	Técnicas analíticas e métodos de control sanitario en acuicultura.
UC0746_3	Supervisar os controis ambientais no proceso da engorda acuícola.	MP1020	Técnicas analíticas e métodos de control sanitario en acuicultura.
UC0743_3	Supervisar controis fisicoquímicos e ambientais relacionados co criadeiro de acuicultura.	MP1021	Xestión ambiental dos procesos acuícolas.
UC0746_3	Supervisar os controis ambientais no proceso da engorda acuícola.	MP1021	Xestión ambiental dos procesos acuícolas.

Nota. O módulo profesional MP1022: acuorofilia validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións

Ciclo formativo de grao superior Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? A competencia xeral deste título consiste en organizar ou supervisar os traballos de mantemento da planta propulsora, maquinaria auxiliar e servizos do buque, a partir da información técnica, así como organizar o servizo de mantemento e montaxe deses elementos en embarcacións en terra, definindo recursos, dirixindo equipos humanos e organizando e realizando as gardas de máquinas, e realizar as tarefas de mantemento, regulación e control garantindo a seguridade da travesía en condicións de calidade e seguridade laboral e ambiental definidas

En que ámbitos se traballa? As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade como oficial de máquinas; primeiro/a oficial e xefe/a de máquinas en buques e embarcacións de buques civís e de pesca, así como en empresas públicas ou privadas de calquera tamaño dedicadas á construción, á reparación e ao mantemento naval, tanto por conta propia como allea. Así mesmo, poderán empregarse, por conta propia ou allea, en pequenas e medianas empresas, de natureza pública ou privada, dedicadas á construción e ao mantemento de embarcacións deportivas e de recreo. En determinadas circunstancias, deberán facer uso da lingua inglesa como vehículo de comunicación.

Que ocupacións se desempeñan? Xefe/a de máquinas; oficial ou primeiro/a oficial de máquinas; inspector/a en empresas pesqueiras; xefe/a de equipo de mantemento electromecánico de instalacións e mantemento de industrias manufactureras, frigoríficas e sistemas de climatización; xefe/a de taller de sistemas eléctrico-electrónicos, de propulsión e goberno, de frío e climatización, e de servizo de fluídos de embarcacións deportivas e de recreo; encargado/a de taller de sistemas de propulsión e goberno de embarcacións deportivas e de recreo; perito/a taxador/a de embarcacións deportivas e de recreo.

Caes son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1316	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0179	Inglés	160
1º	MP0802	Organización da asistencia sanitaria a bordo	53
1º	MP1308	Organización do mantemento de planta propulsora e maquinaria auxiliar de buques	240
1º	MP1311	Organización do mantemento e da montaxe de instalacións e sistemas eléctricos de buques e embarcacións	187
1º	MP1309	Organización do mantemento en seco de buques e embarcacións, e montaxe de motores térmicos	213
2º	MP0800	Control das emerxencias	157
2º	MP1317	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1318	Formación en centros de traballo	384
2º	MP1314	Organización da garda de máquinas	53
2º	MP1312	Organización do mantemento e da montaxe de instalacións frigoríficas e sistemas de climatización de buques e embarcacións	157
2º	MP1313	Planificación do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións	53
2º	MP1310	Programación e mantemento de automatismos hidráulicos e pneumáticos en buques e embarcacións	157
2º	MP1315	Proxecto de organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións	26

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1308	Organización do mantemento de planta propulsora e maquinaria auxiliar de buques.	UC1958_3	Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento do motor propulsor do buque e os seus servizos auxiliares.
MP1309	Organización do mantemento en seco de buques e embarcacións, e montaxe de motores térmicos.	UC1959_3	Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento das máquinas e dos sistemas auxiliares da planta propulsora, e dos elementos inherentes á situación do buque en seco.
		UC1996_3	Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas de propulsión e goberno, e dos elementos inherentes á situación da embarcación en seco.
MP1310	Programación e mantemento de automatismos hidráulicos e pneumáticos en buques e embarcacións.	UC1960_3	Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento dos sistemas automáticos de control no buque.
MP1311	Organización do mantemento e da montaxe de instalacións e sistemas eléctricos de buques e embarcacións.	UC1961_3	Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento das instalacións eléctricas e electrónicas do buque.
		UC1997_3	Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas e os equipamentos de xeración, acumulación e consumo de enerxía eléctrica de embarcacións deportivas e de lecer.
		UC1998_3	Organizar e supervisar o mantemento e a instalación dos sistemas electrónicos de embarcacións deportivas e de lecer.
MP1312	Organización do mantemento e da montaxe de instalacións frigoríficas e sistemas de climatización de buques e embarcacións.	UC1962_3	Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento das instalacións e dos equipamentos frigoríficos e de climatización do buque.
		UC1999_3	Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas de frío e climatización e de servizo de fluídos de embarcacións deportivas e de lecer.
MP1313	Planificación do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.	UC1963_3	Xestionar o mantemento da planta propulsora, das máquinas e dos equipamentos auxiliares do buque.
		UC1993_3	Xestionar o mantemento de embarcacións deportivas e de lecer.
MP0800	Control das emerxencias.	UC1954_2	Desenvolver actividades relacionadas coa seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.
MP0802	Organización da asistencia sanitaria a bordo.		
MP0179	Inglés.	UC0808_2	Comunicarse en inglés a nivel de usuario independente, no ámbito do mantemento naval, a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC1958_3 Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento do motor propulsor do buque e os seus servizos auxiliares.	MP1308 Organización do mantemento de planta propulsora e maquinaria auxiliar de buques.
UC1959_3 Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento das máquinas e dos sistemas auxiliares da planta propulsora, e dos elementos inherentes á situación do buque en seco.	MP1309 Organización do mantemento en seco de buques e embarcacións, e montaxe de motores térmicos.
UC1996_3 Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas de propulsión e goberno, e dos elementos inherentes á situación da embarcación en seco.	
UC1960_3 Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento dos sistemas automáticos de control no buque.	MP1310 Programación e mantemento de automatismos hidráulicos e pneumáticos en buques e embarcacións.
UC1961_3 Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento das instalacións eléctricas e electrónicas do buque.	MP1311 Organización do mantemento e da montaxe de instalacións e sistemas eléctricos de buques e embarcacións.
UC1997_3 Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas e os equipamentos de xeración, acumulación e consumo de enerxía eléctrica de embarcacións deportivas e de lecer.	
UC1997_3 Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas e os equipamentos de xeración, acumulación e consumo de enerxía eléctrica de embarcacións deportivas e de lecer.	MP1311 Organización do mantemento e da montaxe de instalacións e sistemas eléctricos de buques e embarcacións.
UC1998_3 Organizar e supervisar o mantemento e a instalación dos sistemas electrónicos de embarcacións deportivas e de lecer.	
UC1962_3 Controlar o funcionamento e supervisar o mantemento das instalacións e dos equipamentos frigoríficos e de climatización do buque.	MP1312 Organización do mantemento e da montaxe de instalacións frigoríficas e sistemas de climatización de buques e embarcacións.
UC1999_3 Organizar e supervisar o mantemento dos sistemas de frío e climatización e de servizo de fluídos de embarcacións deportivas e de lecer.	
UC1963_3 Xestionar o mantemento da planta propulsora, das máquinas e dos equipamentos auxiliares do buque.	MP1313 Planificación do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
UC1993_3 Xestionar o mantemento de embarcacións deportivas e de lecer.	
UC1954_2 Desenvolver actividades relacionadas coa seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.	MP0800 Control das emerxencias. MP0802 Organización da asistencia sanitaria a bordo.
UC0808_2 Comunicarse en inglés a nivel de usuario independente, no ámbito do mantemento naval, a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.	MP0179 Inglés.

Nota. O módulo profesional MP0179: inglés poderá validarse consonte o disposto no artigo 66.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O módulo profesional MP1314: organización da garda de máquinas validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Transporte marítimo e pesca de altura

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE
Perfil profesional	Duración	
		2.000 horas

Que se aprende a facer? Planificar, xestionar e executar as actividades de buques nas condicións que determinen as administracións competentes para este nivel, dirixindo e controlando a seguridade, a navegación, as manobras e as operacións de carga, estiba e descarga, así como a extracción, a manipulación, o procesamento e a conservación da pesca, optimizando a produción e cumprindo a normativa estatal e internacional.

En que ámbitos se traballa? En buques dedicados ao transporte marítimo de carga e/ou pasaxe, ou en buques pesqueiros, de natureza pública ou privada, dentro dos límites e das atribucións que estableza a Administración competente. A actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente. Así mesmo, a súa formación permítelle desempeñar funcións do seu nivel desembarcado, en empresas e entidades pertencentes ao sector marítimo pesqueiro.

Que ocupacións se desempeñan? Patrón/oa de altura, de gran altura, ao mando de buques de pesca, buques mercantes de carga e de pasaxe e iates de gran eslora; primeiro/a oficial de ponte; oficial de ponte en buques de pesca, buques mercantes de carga e de pasaxe e iates de gran eslora; encargado/a da garda ou do mando de embarcacións dedicadas a vixilancia fiscal, inspección pesqueira, investigación oceanográfica, seguridade e salvamento marítimo; inspector/a de flota; axente de consignatarias; axente de seguros marítimos; supervisor/a de montaxe e armaxe de artes e aparellos de pesca.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0803	Administración e xestión do buque e da actividade pesqueira	133
1º	MP0806	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0179	Inglés	160
1º	MP0798	Manobra e estiba	240
1º	MP0799	Navegación, goberno e comunicacións do buque	267
1º	MP0802	Organización da asistencia sanitaria a bordo	53
2º	MP0800	Control das emerxencias	157
2º	MP0807	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0809	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0804	Garda de ponte	210
2º	MP0805	Pesca de altura e grande altura	210
2º	MP0808	Proxecto de implementación dunha ruta de transporte marítimo	26

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Transporte marítimo e pesca de altura.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP0800	Control das emerxencias.	UC0751_3 Planificar e controlar as situacións de emerxencia.
MP0802	Organización da asistencia sanitaria a bordo.	UC0752_3 Organizar e aplicar a asistencia sanitaria recoñecendo os cadros médicos que se presenten.
MP0179	Inglés.	UC0753_2 Comunicarse en inglés cun nivel de usuario independente en actividades marítimo-pesqueiras.
MP0803	Administración e xestión do buque e da actividade pesqueira.	UC0747_3 Planificar e xestionar a administración do buque para o transporte e a pesca.
MP0798	Manobra e estiba.	UC0748_3 Planificar e dirixir as manobras do buque, e determinar a estabilidade e o asentado.
MP0799	Navegación, goberno e comunicacións do buque.	UC0749_3 Planificar e dirixir a navegación.
MP0804	Garda de ponte.	
MP0805	Pesca de altura e grande altura.	UC0750_3 Planificar e dirixir as operacións extractivas, de produción e de conservación da pesca.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0748_3 Planificar e dirixir as manobras do buque, e determinar a estabilidade e o asentado.	MP0798 Manobra e estiba.
UC0749_3 Planificar e dirixir a navegación.	MP0799 Navegación, goberno e comunicacións do buque.
UC0751_3 Planificar e controlar as situacións de emerxencia.	MP0800 Control das emerxencias.
UC0752_3 Organizar e aplicar a asistencia sanitaria recoñecendo os cadros médicos que se presenten.	MP0802 Organización da asistencia sanitaria a bordo.
UC0753_2 Comunicarse en inglés cun nivel de usuario independente en actividades marítimo-pesqueiras.	MP0179 Inglés.
UC0747_3 Planificar e xestionar a administración do buque para o transporte e a pesca.	MP0803 Administración e xestión do buque e da actividade pesqueira.
UC0748_3 Planificar e dirixir as manobras do buque, e determinar a estabilidade e o asentado.	MP0798 Manobra e estiba.
UC0749_3 Planificar e dirixir a navegación.	MP0799 Navegación, goberno e comunicacións do buque.
	MP0804 Garda de ponte.
UC0750_3 Planificar e dirixir as operacións extractivas, de produción e de conservación da pesca.	MP0805 Pesca de altura e grande altura.

Nota. O módulo profesional MP0179: inglés poderá validarse consonte o disposto no artigo 66.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



Información

Notación

O	Réxime ordinario presencial
A	Réxime de adultos modalidade presencial
D	Réxime de adultos modalidade a distancia
U	FP Dual (empresa e centro educativo)

CB Actividades marítimo-pesqueiras

A Coruña

Culleredo	IES Universidade Laboral	O	881960820	ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal
-----------	--------------------------	----------	-----------	---

Pontevedra

Bueu	IES Johan Carballeira	O	886159176	ies.johan.carballeira@edu.xunta.gal
------	-----------------------	----------	-----------	-------------------------------------

CM Cultivos acuícolas

Pontevedra

Illa de Arousa, A	IGafa Instituto Galego de Formación en Acuicultura	O	886159304	igafa.acuicultura@edu.xunta.gal
-------------------	--	----------	-----------	---------------------------------

CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións

A Coruña

Culleredo	IES Universidade Laboral	O	881960820	ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal
-----------	--------------------------	----------	-----------	---

Ribeira	ESCO Oficial Náutico-Pesqueira	O	881866317	escola.nautica.ribeira@edu.xunta.gal
---------	--------------------------------	----------	-----------	--------------------------------------

Pontevedra

Vigo	INSTITUTO Marítimo Pesqueiro do Atlántico	O	886110825	inst.pesqueiro.atlantico@edu.xunta.gal
------	---	----------	-----------	--

CM Navegación e pesca de litoral

A Coruña

Culleredo	IES Universidade Laboral	O	881960820	ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal
-----------	--------------------------	----------	-----------	---

Ribeira	ESCO Oficial Náutico-Pesqueira	O	881866317	escola.nautica.ribeira@edu.xunta.gal
---------	--------------------------------	----------	-----------	--------------------------------------

Pontevedra

Vigo	INSTITUTO Marítimo Pesqueiro do Atlántico	O	886110825	inst.pesqueiro.atlantico@edu.xunta.gal
------	---	----------	-----------	--

CS Acuicultura

Pontevedra

Illa de Arousa, A	IGafa Instituto Galego de Formación en Acuicultura	O	886159304	igafa.acuicultura@edu.xunta.gal
-------------------	--	----------	-----------	---------------------------------

CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións

A Coruña

Culleredo	IES Universidade Laboral	O	881960820	ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal
-----------	--------------------------	----------	-----------	---

Ferrol	ESCO Náutico-Pesqueira	O	881938212	escola.nautica.ferrol@edu.xunta.gal
--------	------------------------	----------	-----------	-------------------------------------

Ribeira	ESCO Oficial Náutico-Pesqueira	O	881866317	escola.nautica.ribeira@edu.xunta.gal
---------	--------------------------------	----------	-----------	--------------------------------------

Pontevedra

Vigo	INSTITUTO Marítimo Pesqueiro do Atlántico	O	886110825	inst.pesqueiro.atlantico@edu.xunta.gal
------	---	----------	-----------	--

CS Transporte marítimo e pesca de altura

A Coruña

Culleredo	IES Universidade Laboral	O	881960820	ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal
-----------	--------------------------	----------	-----------	---

Ferrol	ESCO Náutico-Pesqueira	O	881938212	escola.nautica.ferrol@edu.xunta.gal
--------	------------------------	----------	-----------	-------------------------------------

Pontevedra

Vigo	INSTITUTO Marítimo Pesqueiro do Atlántico	O	886110825	inst.pesqueiro.atlantico@edu.xunta.gal
------	---	----------	-----------	--



Onde informarse

Portal Educativo de Formación Profesional:
www.edu.xunta.gal/fp

Síguenos en:

-  facebook.com/fpgalicia
-  twitter.com/fpgalicia
-  instagram.com/fpgalicia

#FPGalicia
#FPDualGalicia
@fpgalicia

Departamentos de orientación dos centros educativos

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo de San Caetano

Santiago de Compostela

Teléfonos 981 546 538 - 981 544 376

sxfp@edu.xunta.gal